

RESOLUCIÓN DE ARCHIVO Expte. RA-35/2010: ROUPA INFANTIL EN OURENSE.

Pleno

Sres.:

D. Francisco Hernández Rodríguez, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2010.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (en adiante TGDC ou Tribunal), coa composición indicada mais arriba, e sendo relator o seu presidente D. Francisco Hernández Rodríguez, ditou a seguinte Resolución no Expediente RA-35/2010, “Roupa infantil en Ourense” (Expediente 7/2010, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en adiante SGDC ou Servizo), tras examinar a proposta de non incoación de procedemento e arquivo das actuacións efectuada polo SGDC, segundo escrito de 12 de agosto de 2010, ao non apreciar nos feitos denunciados indicio algún de infracción da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (en adiante Lei 15/2007 ou LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O 10 de xuño de 2010 tivo entrada no SGDC un escrito de denuncia formulada por Dona Ana López Pita, representante da entidade Alopezpita,

S.L.U., con domicilio en Ourense, dirixida contra BUMA Galicia S.L., por presuntas prácticas contrarias á competencia.

2.- Alopezpita S.L.U. é titular dun establecemento de venda retalista de obxectos de decoración e roupa infantil que vende roupa de bebé da marca “Lío Lío”, de BUMA Galicia, das tallas de 0 a 24 meses. De acordo coa denuncia, a pesar de que existía entre ambas partes un acordo verbal de exclusividade para Ourense, BUMA Galicia abriu unha tenda propia nesta cidade para a comercialización da súa roupa en tódalas tallas comprendidas entre 0 meses e 12 anos. Ademais, a denunciante manifesta que nesta tenda a denunciada vende en promoción roupa de temporada “moi por debaixo do prezo que cobra aos distribuidores”.

3.- No marco da información reservada desenvolvida ao abeiro do disposto no artigo 49.2 LDC, o SGDC solicitou información a BUMA Galicia que, nun escrito do 27 de xullo, manifestou que en ningún momento existiu un acordo verbal de exclusividade tal e como se di na denuncia e que a roupa da marca “Lío Lío” xa se vendía noutra tenda de Ourense chamada “Fresa y Menta”.

4.- Con relación á suposta venda en promoción de roupa de temporada “moi por debaixo do prezo” que BUMA Galicia cobra aos distribuidores, o representante da denunciada indica que o artigo adquirido pola denunciante na tenda de “Lío Lío” en Ourense estaba en promoción, tal e como aparece no ticket de compra, por tratarse dun produto de muestrario e así o acredita mediante a aportación da factura dos artigos que tanto con condición de “tara” como de “muestrario” foron enviados á tenda de “Lío Lío” en Ourense, na que consta o artigo coa referencia que aparece no ticket de compra que aporta a propia denunciante, dona Ana López Pita. Finalmente, BUMA Galicia achega copia da factura dos artigos vendidos a Isa Foira S.L. (titular da tenda de Lío Lío en Ourense) para acreditar que os prezos son os mesmos que se aplicaron a Alopezpita S.L.

5.- O SGDC, ao abeiro do artigo 49.2 LDC, con data 28 de maio de 2010 elevou a este Tribunal a proposta de non incoación de procedemento e arquivo das actuacións.

6.- Na súa reunión de 29 de setembro de 2010, o Pleno do Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Conforme ao réxime establecido na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia (Lei 1/2002, do 21 de febreiro) e a súa Lei de creación (Lei 6/2004, do 12 de xullo) ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC) correspóndelle resolver os procedementos sancionadores que teñan por obxecto as condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

SEGUNDO.- O apartado 3 do artigo 49 da devandita Lei 15/2007 establece que o Tribunal, a proposta da Servizo, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC e ordenar o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción. Neste caso, corresponde ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia, por tanto, analizar a proposta realizada polo SGDC para ver se procede aceptala e, en consecuencia, archivar as actuacións desenvolvidas ata agora ou, polo contrario, se procede rexeitar esa proposta por se apreciar indicios de infracción das normas de competencia, instando nese caso ao SGDC a que prosiga a súa investigación e acorde, no seu caso, a incoación do oportuno expediente sancionador.

TERCEIRO.- A denuncia ante o SGDC refírese a dúas condutas diferentes que merecen consideracións distintas dende o punto de vista do Dereito de defensa da competencia: a ruptura dun pacto de exclusividade e a venda por parte da tenda do fabricante de produtos a un prezo moito mais baixo do que éste cobra aos distribuidores, o que podería tratarse dunha discriminación ou, mesmo, dunha práctica de prezos predatorios.

CUARTO.- É preciso destacar que nin na denuncia nin na documentación achegada na información reservada aparecen datos que proben ou, que polo menos, levanten a sospeita da existencia dun pacto verbal de exclusividade. Atopámonos, polo tanto, ante un suposto acordo que a denunciada nega e que a denunciante non pode probar. Ante a inexistencia de ningún tipo de proba, nin sequera indiciaria, sobre a existencia do citado acordo, o Tribunal non considera necesario entrar a valorar os seus posibles efectos sobre a libre competencia. Asemade, consta no expediente a existencia doutra tenda en Ourense, anterior a aberta pola denunciada, que xa vendía produtos da citada marca, polo que, de feito, non existía xa tal suposta exclusividade.

QUINTO.- En relación cos supostos actos de discriminación ou de venda a perda (prezos predatorios no ámbito antitrust) hai que dicir que os mesmos, no seu caso, poderían constituir unha práctica prohibida prevista no artigo 2 LDC, cando son realizadas por unha empresa con posición dominante no mercado. Para atoparnos ante unha conducta prohibida pola lexislación de defensa da competencia sería necesario demostrar en primeiro lugar que BUMA Galicia ostenta unha posición dominante no mercado relevante (o que non parece ser o caso, dada a natureza do produto de referencia) e, en segundo lugar, que os baixos prezos da súa tenda “Lío Lío” constituísen un abuso nos termos do citado artigo 2 LDC. Agora ben, o ticket de compra dun artigo en promoción non é suficiente indicio para acreditar nin unha estratexia de venda por debaixo do coste realizada coa intención de eliminar do mercado a un competidor (abuso chamado exclusionario), nin unha práctica discriminatoria.

SEXTO.- O artigo terceiro da Lei de Defensa da Competencia establece que “A Comisión Nacional da Competencia ou os órganos competentes das comunidades autónomas coñecerán, nos termos que esta Lei establece para as condutas prohibidas, dos actos de competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten o interese público”. Pola súa parte, a Lei 3/1991, de 10 de xaneiro de Competencia Desleal considera que a venda realizada baixo custo ou baixo prezo de adquisición se reputará desleal nos casos seguintes: “a) cando sexa susceptible de inducir a erro aos consumidores acerca do nivel dos prezos doutros produtos ou servizos do mesmo establecemento; 2) cando teñan por efecto desacreditar a imaxe dun produto ou establecemento alleo; 3) cando forme parte dunha estratexia encamiñada a eliminar a un competidor ou grupo de competidores do mercado”.

En relación coa aplicación do artigo terceiro da Lei de defensa da competencia este Tribunal mantén a opinión de que un ticket de compra dun artigo en promoción non constitúe indicio suficiente para acreditar a existencia dunha estratexia de venda por debaixo de custo. Por outro lado, tampouco cabe considerar que, no caso de atoparnos ante un suposto de competencia desleal, este tería unha dimensión e uns efectos no mercado suficientes como para afectar ao interese público permitindo, deste xeito, a actuación do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Á vista do anterior, ao non se apreciar indicios razoables da existencia dalgunha práctica prohibida pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia coincide co criterio do Servizo Galego de Defensa da Competencia de que non procede incoar expediente sancionador polas condutas denunciadas, polo que se acorda o arquivo das actuacións practicadas.

En mérito a canto antecede, vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

ÚNICO.- Confirmar a proposta do Servizo Galego de Defensa da Competencia de non incoar expediente sancionador e proceder ao arquivo das actuacións referentes á denuncia de Dona Ana López Pita en representación de Alopezpita S.L.U. contra BUMA Galicia S.L. ao non se apreciar indicios de incumprimento das normas que regulan a competencia no mercado.

Comuníquese esta resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia e notifíquese aos interesados, facendo constar que contra ela non cabe recurso algún en vía administrativa, podéndose interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a súa notificación.